



DE NOIA AO PORTO DO SON

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2015



Distancia: 15 a 17 km; 20 km desde Noia.

Dificultade: baixa

Duración: 4 a 6 horas


Unha camiñada para pasar unha mañán ou unha tarde percorrendo a banda sur do interior da ría de Muros e Noia, onde xa as ondas non baten con tanta forza, os cantís son menos altos e agrestes, e as praias se suceden só interrompidas por pequenas puntas rochosas, algunhas facilmente salvables e outras, nas que a vexetación, a ocupación do litoral ou a falta de camiños nos obrigan a curtos rodeos. Facelo coa marea baixa permite gozar da maior extensión da area, facilita o camiñar e acurta un algo a distancia (de 15 a 17 km).

PERCORRIDO:

Saímos do **Testal**, a onde podemos achegarnos desde **Noia** pola estrada ou pola vía peonil da ponte que cruza a ría e, despois de percorrer ao longo a praia coñecendo o seu sistema dunar e a extensión do areal, chegamos ao primeiro obstáculo rochoso facilmente transitable por un carreiro acondicionado ata a punta **Mexilloeira** e a praia **Pequena de Boa**, onde temos que deixar a costa para rodear unha construción

e chegar á praia **Grande de Boa** que se percorre por unha pasarela de madeira. No remate desta praia unhas construcións impiden seguir pola beira do mar e temos que camiñar por entre as casas pola estrada de vai á rampa do porto para poder volver á costa e seguir pola praia da **Telleira**. No remate desta praia metémonos no monte por un carreiro (claro ao comezo pero que logo se fai pouco evidentes e descoidado) polo que chegamos á punta **Batuda**, desde onde temos a primeira vista de Portosín, e logo á punta **Ornanda** e a súa praia. No remate dobramos a punta da **Gata** e xa nos atopamos en **Portosín**, onde podemos facer un descanso, visitar o porto...

Continuamos pola sucesión de praias : **Coira**, **O Pozo**, **Langaño**... e pasada punta **Cedeira** entramos na praia da **Agueira**, a máis estensa da ruta, cun amplo sistema dunar e a desembocadura dos río **Cans** e **Quintáns** que hai que cruzar pola auga ou seguindo o camiño das pasarelas. Rodeando a **Punta Agueira** chegamos á praia do **Pouso**; aquí atopamos o principal obstáculo da ruta, seguir pola beira, a pesar de que se ve un camiño, só nos mete no campamento xuvenil, do que non hai saída, nin posibilidade de seguir pola costa, rochosa e con moito desnivel. Sen baixar á praia do **Pouso**, hai que subir pola estrada que cruza o lugar e coller o desvío á dereita que pasa ao pé da entrada ao campamento, continuar por el sen desviarse, deixando dous desvíos á dereita e collendo de fronte por un camiño que se interna no monte e vai subindo e logo baixa para levarnos ao faro de **Cabeiro**, desde onde vemos o **Porto do Son**. Rodeamos as construcións, baixamos á praia e continuamos ata o fin da ruta, pasando polas praias de **Cabeiro**, **Suaigrexa** e **O Son**.



Píllara
(*Charadrius hiaticula*)



Vista desde Punta Agueira. Ao fondo punta Cabeiro e Monte Loura



Porto do Testal.
Ao fondo Noia e a ponte que cruza a ría.



Praia do Testal



Praia Boa Pequena



Praia Boa Grande



Punta Telleira



Praia Telleira



Punta Batuda



Praia Ornanda



Punta da Gata



Praia da Gata



Portosín



Praia de Coira



Praia de Langaño



Río de Cans



Praia Agueira



Praia do Pozo e Punta Aqueira



Punta Cabeiro



Praia de Cabeiro



Praia de Suaigrexia



Porto do Son